			Exame	Exposic oral	Observ aula
B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	Coñece o marco xeográfico grego.	1'14%	19%		
B2.5.1. Coñece as normas de transcripción e aplícaas con corrección na transcripción de termos gregos á lingua propia ao galego e castelán.	Coñece e aplica con corrección as normas de transcripción de termos gregos ao galego e castelán.	0'6%	10%		
B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	Coñece a denominación grega e latina, os seus atributos e área de influencia de Zeus, Hera, Hades e Deméter. O Caos, Cosmogonía e Teogonía.	30%		30%	
Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)					
TEMA III					
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.	Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais: a civilización cretense. Describe a organización da civilización cretense e as características das distintas clases sociais.	0'45% + 15'10%	7'5%	15%	0'10%
B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.					
B5.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais.					
B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.					
B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.	Identifica a deuses e héroes e os principais aspectos do mito de Teseo e o laberinto.				



B3.4.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa declinación.	Enuncia correctamente e clasifica segundo a súa declinación, distintos tipos de palabras en grego. Declina e analiza morfoloxicamente o artigo, substantivos e adxectivos da 1ª declinación, pronomes persoais e sintagmas en concordancia, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'63% + 0'10%	10'5%		0'10%
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.					
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia gregos, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras do seu do contexto.	Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60%	10%		
B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.					
B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.					
B3.6.1. Conxuga de forma correcta os verbos propostos nos distintos tempos do modo indicativo, subxuntivo e optativo da voz activa.	Conxuga correctamente o presente de indicativo da conxugación verbal en voz activa e analiza as formas morfoloxicamente, traducíndoas ao galego/castelán.	0'27% + 0'10%	4'5%		0'10%
B3.6.4. Conxuga correctamente os tempos verbais en voz activa, media e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.					
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego/castelán diferentes formas verbais gregas.					
B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases sinxelas, identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos da flexión nominal grega, explicandoas función que realizan dentro da oración.					
B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais así como entre verbos e suxeitos.					
B4.4.1. Analiza correctamente casos e					

funcións para poder recoñecer cada un dos elementos da oración.					
B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando e explicando en cada caso as súas características.					
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.					

#### TEMA IV

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.	Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais: a civilización micénica. Describe a organización da civilización micénica e as características das distintas clases sociais.	0'45% + 15'10	7'5%	15%	0'10%
B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.					
B5.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais.					
B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.					
B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.	Identifica a deuses e héroes e os principais aspectos do mito da Guerra de Troia.				
B3.4.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa declinación.	Enuncia correctamente e clasifica segundo a súa declinación, distintos tipos de palabras en grego. Declina e analiza morfoloxicamente, substantivos da 2ª declinación e	0'63% + 0'10%	10'5%		0'10%

B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	adxectivos da 1ª e 2ª declinación e sintagmas en concordancia, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.				
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B3.6.1. Conxuga de forma correcta os verbos propostos nos distintos tempos do modo indicativo, subxuntivo e optativo da voz activa.	Conxuga correctamente o imperfecto de indicativo da conxugación verbal en voz activa e analiza as formas morfoloxicamente, traducíndoas ao galego/castelán.	0'27% + 0'10%	4'5%		0'10%
B3.6.4. Conxuga correctamente os tempos verbais en voz activa, media e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.					
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego/castelán diferentes formas verbais gregas.					
B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras do seu do contexto.	Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60%	10%		
B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.					
B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.					
B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais así como entre verbos e suxeitos.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases sinxelas, identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada un dos elementos da oración.					
B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando e explicando en cada caso as súas características.					
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	0'45 + 0'10%	7'5%		0'10%
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					

B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.					
--	--	--	--	--	--

Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)

## Segundo trimestre

TEMA V					
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	Cóñece a denominación grega e latina, os seus atributos e área de influencia de Artemis, Apolo e Heracles.	0'45% + 15'10%	7'5%	15%	0'10%
B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.	Identifica a deuses e héroes e os principais aspectos do mito do oráculo de Apolo, así como as manifestacións artísticas máis destacables.				
B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacións artísticas, describindo, a través do uso que se fai das mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.					
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente os pronomes e adxectivos demostrativos (e o identificador) e sintagmas en concordancia, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	Conxuga correctamente o futuro e aoristo de indicativo da conxugación verbal en voz activa e analiza as formas morfoloxicamente, traducíndoas ao galego/castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.6.4. Conxuga correctamente os tempos verbais en voz activa, media e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.					
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego/castelán diferentes formas verbais gregas.					
B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras do seu do contexto.	Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B7.1.2. Identifica e explica as palabras frecuentes e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.					

B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.					
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	1'05% + 0'10%	17'5%		0'10%
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					

#### TEMA VI

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente substantivos e adxectivos da 3ª declinación e sintagmas en concordancia, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'90% + 0'10%	15%		0'10%
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.					
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'15%	17'5%		0'15%
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.	Identifica e explica os helenismos máis frecuentes e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e					

explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.					
B5.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais.	Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais: o período arcaico. Describe a organización do período arcaico e as características das distintas clases sociais.	0'45% + 15'15%	7'5%	15%	0'15%
B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.					
B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.					
B5.8.1. Describe os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia.	Identifica os principais trazos da relixión grega, tomando como referencia o oráculo de Delfos e coñece as características dos xogos olímpicos.				

Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)

## TEMA VII

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	Coñece a denominación grega e latina, os seus atributos e área de influencia de Poseidón, Atenea e Ares, identificando os principais aspectos dos seus mitos, así como as manifestacións artísticas máis destacables.	0'45% + 15'10%	7'5%	15%	0'10%
B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.					
B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacións artísticas, describindo, a través do uso que se fai das mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.					
B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	Conxuga correctamente o perfecto e pluscuamperfecto de indicativo da conjugación verbal en voz activa e analiza as formas morfoloxicamente, traducíndoas ao galego/castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.6.4. Conxuga correctamente os tempos verbais en voz activa, media e pasiva.					
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego/castelán diferentes formas verbais gregas.					

B3.5.1. Declina pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente os pronomes persoais e o identificador, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	Identifica e explica os helenismos máis frecuentes e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'10%	17'5%		0'10%
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
<b>TEMA VIII</b>					
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente substantivos e adxectivos da 3ª declinación con raíz rematada en rho e en sigma e os numerais, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'90% + 0'10%	15%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa				



B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'15%	17'5%		0'15%
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.	Identifica e explica os helenismos máis frecuentes e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.					
B5.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais.	Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais: a época clásica grega. As Guerras Médicas e a Guerra do Peloponeso. Describe a organización política e social do período clásico en Atenas e Esparta.	0'45% + 15'15%	7'5%	15%	0'15%
B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e período histórico correspondente poñéndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.					
B5.2.1. Describe o sistema político da época clásica grega, establecendo semellanzas e diferenzas con outros períodos da antiga Grecia e comparándoos cos actuais.					
B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.					
Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)					

### Terceiro trimestre

TEMA IX					
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	Coñece a denominación grega e latina, os seus atributos e área de influencia de Afrodita e Hefesto, identificando os principais aspectos dos seus mitos, así como as manifestacións artísticas máis				



B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.	destacables.	0'45% + 15'15%	7'5%	15%	0'15%
B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacións artísticas, describindo, a través do uso que se fai das mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.					
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente o pronome relativo, indefinido e interrogativo, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'90% + 0'10%	15%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega. B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	Identifica e explica os helenismos máis frecuentes e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos á propia lingua.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'15%	17'5%		0'15%
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.					
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e					

estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.					
TEMA X					
Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente os graos do adxectivo, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'90% + 0'10%	15%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'15%	17'5%		0'15%
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.					
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.					
B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.				Identifica e explica os helenismos máis frecuentes, recoñecendo a etimoloxía.	
B5.1.3. Distingue as diferentes etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais.	Distingue os trazos esenciais do Helnismo. Alejandro Magno Describe a organización política e social do Helenismo.	0'45% + 15'15%	7'5%	15%	0'15%
B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e					

período histórico correspondente poñéndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.					
B5.2.1. Describe o sistema político da época clásica grega, establecendo semellanzas e diferenzas con outros períodos da antiga Grecia e comparándoos cos actuais.					
B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.					

Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)

### TEMA XI

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	Coñece a denominación grega e latina, os seus atributos e área de influencia de Dioniso e Hermes, identificando os principais aspectos dos seus mitos, así como as manifestacións artísticas máis destacables.	0'45% + 15'10%	7'5%	15%	0'10%
B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico a deuses e heroes, explicando os principais aspectos que diferencian a uns dos outros.					
B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas nas diferentes manifestacións artísticas, describindo, a través do uso que se fai das mesmas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.					
B3.5.1. Declina substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada un deles o paradigma de flexión correspondente.	Declina e analiza morfoloxicamente substantivos e adxectivos da 3ª declinación en vogal e ditongo e adxectivos irregulares, traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.5.2. Analiza dende o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e sintagmas de concordancia e formas verbais gregas traducíndoos correctamente ao galego e/ou castelán.					
B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles.	Conxuga correctamente os distintos tempos do subxuntivo e optativo da conxugación verbal en voz activa e analiza as formas morfoloxicamente, traducíndoas ao galego/castelán.	0'45% + 0'10%	7'5%		0'10%
B3.6.4. Conxuga correctamente os tempos verbais en voz activa, media e					

pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.					
B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego/castelán diferentes formas verbais gregas.					
B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'10%	17'5%		0'10%
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.					
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.					

## TEMA XII

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Peso na cualificación	Instrumentos avaliación		
			Exame	Exposic oral	Observ aula
B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar.	Analiza e traduce correctamente as formas non persoais dos verbos: infinitivos e participios da voz activa, identificando as función que realizan na oración.	0'90% + 0'10%	15%		0'10%
B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas con precisión das oracións simples e explicando en cada caso as súas características.					
B4.7.1. Identifica as funcións que realizan as formas de infinitivo dentro da oración comparando distintos exemplos do seu uso.					
B4.9.1. Identifica as funcións que					

realizan as formas de participio dentro da oración comparando distintos exemplos do seu uso.					
B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases para efectuar correctamente a súa tradución, así como o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución das mesmas.	1'05% + 0'15%	17'5%		0'15%
B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que desempeñen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.					
B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.					
B6.3.1. Traduce do grego ao galego/castelán frases e textos sinxelos.					
B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.					
B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.					
B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica.	0'60% + 0'10%	10%		0'10%
B5.3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.	Recoñece os papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando as formas de traballo e de lecer da sociedade grega.	0'45% + 15'15%	7'5%	15%	0'15%
B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relaciónaas cos coñecementos científicos e técnicos da época explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.					
B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega.					
Puntuación total: 60% (proba escrita)+30% (exposición oral)+ 10% (observación na aula)					

### 3.3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tomaranse os textos como punto de partida para traballar os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e os aspectos históricos, culturais e mitolóxicos (CCL, CSC, CAA, CCEC, CD, CSIEE).

Evitaranse as longas e pesadas explicacións teóricas, combinándoas, para iso, coa realización de actividades e exercicios prácticos e a utilización das novas tecnoloxías para facilitar a asimilación dos contidos e formalos na competencia dixital.

Introducirase ao alumnado na tradución de frases curtas para logo inicialo na comprensión de textos orixinais ou adaptados, de dificultade progresiva, que lle permitan coñecer o mundo grego nos seus distintos campos. Favorecemos, deste xeito, a competencia clave de aprender a aprender.

Leranse textos traducidos sobre os distintos aspectos da civilización grega para introducir ao alumnado na cultura clásica a través das súas fontes orixinais, impulsando a formación en todas as competencias.

Tratarase de estimular, motivar e conseguir o interese do alumnado, alternando as explicacións gramaticais con temas máis amenos que permitan a realización de actividades e exercicios variados, traballando os contidos de léxico, cultura, historia e civilización.

Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas capacidades individuais para favorecer o seu rendemento.

Faranse as clases dinámicas, activas, participativas, fomentando o traballo en grupo (sempre que a situación sanitaria o permita e a distancia de seguridade se manteña) e a relación e colaboración entre compañeiros e compañeiras, valorando o seu grao de implicación nos distintos procesos de aprendizaxe e un reparto xusto e equilibrado das tarefas propostas.

Proporanse proxectos individuais e/ou grupais, que favorezan o pensamento autónomo, crítico e riguroso, para traballar as competencias sociais e cívicas, a competencia en conciencia e expresión cultural, a competencia dixital e o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor. Asemade, valorarase a expresión escrita e a capacidade de expresarse en público correctamente.

Fomentarase a interdisciplinariedade para facer comprender a vixencia das linguas clásicas nos distintos ámbitos.

Farase un seguimento individual do alumnado tanto na actividade lectiva presencial como non presencial (de ser o caso), para detectar posibles problemas de comprensión e aportando as aclaracións necesarias para a asimilación dos contidos e a realización das tarefas.

### **3.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado será continua, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumnado, nos proxectos realizados e nas probas escritas. Teranse sempre como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da materia, para comprobar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos.

Avaliaranse os coñecementos adquiridos dos distintos bloques por medio de probas escritas obxectivas que se adaptarán ao ritmo natural de aprendizaxe da clase. Cada proba, excepto a primeira, incluírá preguntas de carácter gramatical, de léxico, de historia, cultura e civilización e de análise morfosintáctica.

Proporanse proxectos individuais e/ou grupais dos temas de historia, cultura e civilización que poidan resultar atractivos para o alumnado, tratando de facer unha aportación ao Proxecto Documental Integrado coordinado pola biblioteca.

Considerarase de gran importancia a participación activa de todos os integrantes do grupo na elaboración e exposición oral dos proxectos. Asemade, terase en conta o respecto polos demais compañeiros e compañeiras e polas súas aportacións; a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas; a utilización de diversas fontes de información; a claridade e corrección gramatical na exposición dos contidos, tanto orais como escritos; a presentación dos proxectos dun xeito ordenado, claro, sinxelo e creativo; o cumprimento nos prazos de entrega.

Valorarase o esforzo, a actitude, as ganas de aprender, o interese, a participación, a realización das tarefas diarias, a entrega das actividades propostas, a asistencia a clase e os retrasos e/ou faltas de asistencia inxustificadas.

Poderase facer unha recuperación das probas escritas cunha cualificación inferior a 5 nos quince días seguintes á comunicación das notas e entrega de exames para a súa corrección e atención das dúbidas do alumnado. Excepcionalmente, esta recuperación poderíase deixar para máis adiante, se así o requerise o alumnado afectado e sempre que a maioría así o decida sen perxuízo de ningún deles.

Farase unha recuperación final en xuño, sempre que non haxa abandono da materia (falta de asistencia reiterada inxustificada, probas escritas en branco, non participación na clase nin nas actividades propostas...), que incluírá todos os contidos desenvolvidos ao longo do curso. O modelo de proba axustarase aos apartados comentados con anterioridade. A non participación nos proxectos e actividades propostos, suporá a entrega das tarefas non presentadas nos diferentes trimestres para a súa avaliación.

As probas extraordinarias de xuño constarán dunha proba escrita dos contidos explicados durante o curso, que constará dos mesmos apartados e coa mesma cualificación dos exames anteriores. Asemade, deberanse presentar os proxectos e actividades dos diferentes trimestres no caso de que non se fixesen no seu momento ou fosen avaliados negativamente.

### **3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

- Probas escritas: 60% da nota de cada avaliación. Cada trimestre realizaranse dúas probas escritas. Excepto a primeira proba, na que ten especial relevancia o estudo do alfabeto, todas as demais incluírán preguntas dos sete bloques e, polo tanto, estaranse a avaliar todas as competencias traballadas nos mesmos. Constarán dos seguintes apartados:

1. Preguntas de carácter gramatical: 3 puntos
2. Preguntas de léxico: 2 puntos
3. Preguntas de historia, cultura e civilización: 1'5 puntos
4. Preguntas de análise morfosintáctica e tradución con dicionario de tres frases ou un texto breve: 3'5 puntos. A simple tradución das frases ou texto sen ningún tipo de análise morfosintáctica será valorada con 0 puntos.

A cualificación destas probas obterase facendo a media das puntuacións obtidas nas dúas.

- Proxectos individuais e/ou grupais: 30% da nota da avaliación. Valorarase a participación activa de todos os integrantes do grupo na elaboración e exposición oral dos proxectos grupais (sempre que estes sexan posibles por mor da COVID 19); o respecto polos demais compañeiros e compañeiras e polas súas aportacións; a posta en común, respectando a quenda de palabra, das diferentes ideas; a utilización de diversas fontes de información; a inclusión de todos os apartados previstos, respectando as indicacións que se dean no seu momento; a claridade e corrección gramatical na exposición dos contidos, tanto orais como escritos; a presentación dos proxectos, dun xeito ordenado, claro, sinxelo e creativo; a entrega de actividades e proxectos na data sinalada.

- A observación directa na aula: 10% da nota da avaliación. Valorarase o esforzo, a actitude, as ganas de aprender, o interese, a participación, a realización das tarefas diarias e a entrega das actividades propostas na data sinalada. Estas actitudes tamén serán avaliadas no ensino non presencial, de ser o caso. Os retrasos e/ou faltas de asistencia inxustificadas descontarán 0'1 cada un deles.

### **3.6. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Ao ser Grego unha materia que o alumnado pode escoller como materia troncal de opción por primeira vez, non se considera necesario facer unha avaliación inicial dos contidos lingüísticos, xa que é evidente que non saberían nin lle poderían dar solución. Si se contempla facerlle unha avaliación inicial que recolla asuntos como a xeografía da antiga Grecia, algún feito histórico destacado e algunhas cuestións de mitoloxía que forman parte da cultura xeral que a mocidade debería ter.

Os resultados desta avaliación comentarase na clase coas correccións oportunas e coa resolución das dúbidas do alumnado.

Non se contempla ningunha medida individual nin colectiva, xa que as cuestións recollidas formarán parte dos contidos que se traballarán neste curso e, aínda que deberían ser coñecidos, non se considera que o seu descoñecemento poida influir negativamente para traballar o currículo desta materia.

### **3.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Aqueles alumnos e alumnas que non progresen adecuadamente e/ou teñan problemas de aprendizaxe serán debidamente atendidos para que, do xeito máis rápido posible, poidan seguir a programación. Preténdese con este reforzo evitar o abandono da materia, ao non poder seguir as exposicións teóricas nin a realización das tarefas por falta de coñecementos previos aínda non asimilados, a causa da dificultade de comprensión que puideran presentar para estes casos particulares. Seguiranse as seguintes pautas:

- Detección inicial do problema.
- Localización dos contidos a partir dos cais o alumno ou alumna comeza a non progresar segundo o esperado.



- Explicación individual de ditos contidos.
- Realización de actividades específicas que permitan a comprensión e asimilación dos contidos.
- Seguimento individualizado, unha vez acadados os obxectivos, para evitar que xorda de novo esta situación.
- Adaptación dos contidos previstos e probas de avaliación, de ser o caso.

### **3.8. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

O ensino transversal supón a adquisición de contidos de valor. Na materia de grego estes temas transversais pódense tratar comentando aqueles costumes da sociedade grega que se consideran útiles socialmente ou criticando os que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade e o individuo.

Os temas transversais que se traballarán son:

1. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: derivarase do estudo da situación da muller en Grecia, tratando de comparar a situación xurídica, social e familiar na antigüidade coa situación actual.

Podemos destacar como proxecto elaborado *Ahora hablamos nosotras* que pretendía reivindicar a actualidade da situación da muller grega e presentala dun xeito visual en colaboración co departamento de Tecnoloxía e Plástica (<https://bibliocastroalobre.blogspot.com/2019/06/ahora-hablamos-nosotras.html>).

2. A educación moral e cívica e a educación para a paz: derivarase do tratamento dos sistemas políticos na antigüidade, dos grupos sociais, do tipo de sociedade e ideais que reflectan os textos manexados; tamén, da reflexión sobre a diversidade lingüística e cultural de España e Europa.

3. A educación para a saúde: derivarase da reflexión crítica sobre os hábitos de hixiene e coidado persoal na sociedade clásica, da importancia que se daba ao exercicio físico e do afán do grego e do romano por manter un equilibrio perfecto entre o corpo e a mente.

4. A educación ambiental: derivarase do coñecemento do respecto que os antigos sentían pola natureza e do coñecemento e respecto polo noso patrimonio arqueolóxico.

Os temas transversais iranse desenvolvendo a medida que se vaian explicando os contidos relacionados mediante comentarios de textos e con cuestións propostas para resolver de xeito individual, grupal ou por medio de debates.

### **3.9. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS CON GREGO I PENDENTE**

O alumnado con Grego I pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle as medidas de recuperación que se van levar a cabo desde este Departamento e o día e hora establecido para a consulta de dúbidas.

A primeira semana de cada mes colgaranse na aula virtual os exercicios de repaso que deben facer para recuperar a materia. Estas actividades deberán entregarse, como moi tarde, a terceira semana de cada

mes á xefa de Departamento, que fixará unha reunión nun recreo para explicarlles os erros cometidos e solventar as dúbidas.

As aprendizaxes imprescindibles que deben recuperar son as seguintes:

- O alfabeto
- O artigo
- Primeira, segunda e terceira declinación de substantivos e adxectivos
- Os pronomes demostrativos e persoais
- Os numerais
- Verbo εἶμί e voz activa do verbo λύω
- Análise morfolóxica e sintáctica de oracións
- Formación de helenismos e explicación do seu significado
- Léxico básico
- Cultura, civilización e mitoloxía: situación xeográfica de Grecia, a civilización cretense e micénica, Olimpia e Delfos, a familia grega; a cosmogonía e a teogonía: a divindade grega, Teseo e o labirinto, a guerra de Troia.

